



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 8 DE ABRIL DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se interpón, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei Orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, conflito positivo de competencias contra os artigos 14, 15, 16, 18, 19, 20, 21.1, 22, 24.3, 25, 26, 29, 30.2, 33.2 parágrafo segundo, 32.3, 33.2 e 3, 34 e 35 do Real Decreto 1916/2008, do 21 de novembro, polo que se regula a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio marco de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a empresa *Sony Ericsson Mobile Communications Iberia S.L.* para a normalización do galego no sector da telefonía móbil
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do Medio Rural, de Traballo, e a Federación Galega de Municipios e Provincias, para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil, e prevención e extinción de incendios forestais

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña, para a construción do segundo treito (subtramo II) da terceira rolda da circunvalación da Coruña
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Oleiros, para a construción de beirarrúas nas marxes da estrada AC-173



CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa da Troita, no concello de Oroso
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia da Coruña a Festa do Polbo, no concello de Mugar dos
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra a Festa Encontro Degustación do Millo Corvo, no concello de Bueu
- Acordo polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra da Festa do Monte, no concello da Guarda

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 1.829 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Tui (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre a situación financeira da Xunta de Galicia



A XUNTA INTERPORÁ UN CONFLITO POSITIVO DE COMPETENCIAS ANTE O TRIBUNAL CONSTITUCIONAL POLO REAL DECRETO QUE REGULA AS INICIATIVAS DE MODERNIZACIÓN DE DESTINOS TURÍSTICOS MADUROS

- *Entende que vulnera as competencias exclusivas da Comunidade Autónoma en materia de turismo que atribúe o Estatuto*

O Consello da Xunta, por proposta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, acordou interpoñer un conflito positivo de competencias perante o Tribunal Constitucional contra varios artigos do real decreto 1916/2008, do 21 de novembro, polo que se regula a iniciativa de modernización de destinos turísticos maduros. O Executivo galego xa formulara ao Goberno central no mes de febreiro un requirimento de incompetencia contra este real decreto, que non foi admitido no Consello de Ministros do pasado 27 de marzo. Por iso, procédese agora á interposición deste conflito positivo de competencias cos argumentos esgrimidos no requirimento inicial.

O real decreto ten por finalidade apoiar financeiramente os plans de renovación e modernización de destinos turísticos maduros, entendendo por tales os que reúnan polo menos tres das seguintes características:

- a) sobrecarga urbanística e ambiental
- b) sobreexplotación de recursos
- c) obsolescencia dos seus equipamentos turísticos
- d) escaso investimento do sector turístico privado
- e) oferta e demanda turística estabilizada ou decrecente

O Goberno galego entende que a resolución mencionada vulnera a repartición competencial establecida pola Constitución e o Estatuto, xa que o poder de gasto ou subvencional é sempre un poder instrumental que se exerce “dentro” e non “á marxe” da orde de competencias establecida e, polo tanto, o poder de subvencionar vai unido á competencia da materia sobre a que se incide. Ao respecto disto, o Estado non ten competencia sobre a materia obxecto destas axudas, o turismo, que corresponde en exclusiva á comunidade autónoma, como figura no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía galego; estímase tamén que hai vulneración sobre as competencias de fomento e planificación da actividade económica de Galicia do artigo 30.I.1 do Estatuto e, en definitiva, da nosa autonomía financeira recollida nos artigos 137 e 156 da Constitución.

A xurisprudencia do Tribunal Constitucional ten revogado este tipo de liñas estatais de axudas referidas a préstamos cando a xestión ou tramitación administrativa que poidan existir no procedemento de outorgamento destes préstamos non recae nas autoridades autonómicas, como é o caso neste real decreto. Dentro da materia de



turismo, o Tribunal Constitucional ten sinalado que o Estado debe limitarse á fixación das condicións esenciais, recaendo todo o resto nas comunidades autónomas, incluída toda a dimensión da xestión e territorialización dos fondos.

Por todo isto, o Executivo galego acordou interpoñer o conflito positivo de competencias perante o Tribunal Constitucional para que se recoñeza que a competencia corresponde á comunidade autónoma en virtude dos artigos 27.21 e 30.I.1 do Estatuto, polo que se debe proceder á anulación ou modificación de ata 17 artigos do RD. Exíxese, ademais, a territorialización dos fondos destinados a axudas complementarias aos plans de dinamización turística.



A XUNTA DE GALICIA E SONY ERICSSON RENOVAN O CONVENIO PARA FOMENTAR A GALEGUIZACIÓN DO SECTOR DA TELEFONÍA MÓBIL

- *O Consello da Xunta aprobou un acordo coa firma fabricante Sony Ericsson para a implantación progresiva do galego nos terminais que esa empresa comercializa en Galicia*
- *Este acordo, que renova o xa subscrito en 2008, inclúe tamén a opción idiomática do galego en produtos que contén con pantallas interactivas, nos manuais do usuario e nas guías rápidas que se ofrezan en soporte electrónico*
- *A Secretaría Xeral proporcionaralle á empresa asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e informará a cidadanía a través dunha web dos avances do galego neste ámbito*

O Consello da Xunta aprobou a formalización dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a empresa *Sony Ericsson Mobile Communications Iberia S.L.*, para a normalización do galego no sector da telefonía móbil. O acordo, que supón unha renovación do que xa se asinara en setembro de 2008, pasa a ser indefinido e supón o afianzamento do compromiso desta empresa coa galeguización do sector da telefonía móbil.

Nas estipulacións do convenio recóllense como actuacións que levará a cabo a empresa a implantación progresiva do galego nos seus terminais que se comercialicen en Galicia. Farase a través da inclusión da lingua galega como opción idiomática nos menús e aplicacións propias dos terminais. Así mesmo, *Sony Ericsson* incluirá progresivamente o galego noutros produtos tecnolóxicos que comercialice en Galicia e que dispoñan de pantallas interactivas, nos manuais de usuario e nas guías rápidas existentes en formato electrónico destes produtos, que se poderán descargar desde a web.

Asesoramento e información

A Secretaría Xeral de Política Lingüística facilitaralle á empresa asesoramento lingüístico na revisión terminolóxica das traducións. Ademais, comprométese a dar apoio institucional a calquera iniciativa da empresa asinante que teña como finalidade a promoción da lingua e da cultura galegas. Ademais, o departamento autonómico incluirá todas as novidades deste ámbito na páxina web www.oteumobilengalego.com, na cal se ofrece toda a información sobre a oferta de produtos deste tipo existentes no mercado que dispoñan da opción idiomática do galego, e na que se poden descargar as actualizacións dispoñibles.



O acordo aprobado hoxe polo Consello encádrase nunha serie de convenios entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as principais empresas fabricantes e operadoras de telefonía móbil que prestan os seus servizos en Galicia. En breve está previsto renovar os convenios coa marca Samsung, no sector de fabricantes, e coas operadoras Movistar, Orange, R, Vodafone e Yoigo.



A XUNTA ACHEGARÁ 1.624.000 EUROS PARA OS MEMBROS PROFESIONAIS DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA

- *Financiarase o funcionamento da estrutura estable dos Grumir, conformada por tres dos quince membros de cada grupo de intervención rápida*
- *A Consellería de Presidencia destina 424.000 euros e a do Medio Rural 1.200.000, ata finais deste ano, para favorecer que estes grupos colaboren en actuacións de emerxencia e de prevención e extinción de incendios*

O Consello da Xunta acordou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre as consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do Medio Rural e de Traballo, xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), polo que se destinan 1.624.000 euros para a actuación en emerxencias e tarefas de protección civil e prevención e extinción de incendios forestais.

Con esta achega financiarase o funcionamento da estrutura estable e profesionalizada de 49 grupos municipais de intervención rápida (Grumir), a cal está conformada por tres dos quince membros de cada colectivo. Ao importe regulado neste convenio haberá que sumar a achega da Consellería de Traballo, que financia a través de programas de emprego os outros doce membros -voluntarios- que integran a estrutura renovable. En total hai 61 grupos municipais de intervención rápida, pero tan só 49 deles teñen estrutura estable e, por iso, son o obxecto do convenio autorizado hoxe.

O texto deste acordo regula as condicións do réxime de funcionamento e financiamento da sección estable e profesionalizada do Grupo. Así, este ano as consellerías de Presidencia e do Medio Rural contribuirán cun importe total de 1.624.000 euros, dos que Medio Rural achega 1.200.000 euros e Presidencia os 424.000 euros restantes.

Os Grumir dependen tanto xurídica como organicamente do ente local e en ningún caso teñen vínculo laboral coa Xunta de Galicia. Así, a contribución dos municipios realizarase directamente aos traballadores contratados en cada localidade. Ademais, os concellos deberán garantir a coordinación dos Grumir e dotar o grupo tanto dun vehículo todo terreo en condicións mecánicas e de dotación axeitadas como das ferramentas e equipamentos necesarios para o desenvolvemento do seu labor.

Funcións do persoal contratado

O persoal contratado para os Grumir levará a cabo tarefas de atención e xestión das solicitudes realizadas a través do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia ou para o ámbito da súa demarcación. Ademais, realizará as funcións que se lle encomendan nos plans de emerxencia municipal, de actuación municipal e nos de protección civil da comunidade.



Tamén realizará funcións específicas de intervención en incendios forestais e urbanos e en situacións derivadas de riscos naturais, de riscos provocados polo home e en nevaradas, inundacións, temporais, xeadas, choivas intensas, sismos, derrubamentos, correntes de terra, situacións de seca e noutras situacións que impliquen riscos para as persoas, os bens ou o ambiente.

Así mesmo, este persoal colaborará en aglomeracións de persoas, en asuntos de seguridade viaria, no establecemento de medidas preventivas que diminúan ou minimicen as situacións de risco e en calquera outra actividade que implique colaboración cos concellos en materia de protección civil, ambiente, servizos sociais, sanidade e eventos culturais, educativos e deportivos.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN CONVENIO PARA O ÚLTIMO TREITO DA TERCEIRA ROLDA DE CIRCUNVALACIÓN DA CORUÑA

- *Trátase do último tramo da autovía gratuíta de seis carrís de circulación que está a construír a Consellería de Política Territorial*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello da Coruña para o terceiro tramo da terceira rolda de circunvalación da cidade. Segundo o dito convenio, o Concello herculino deberá pór á disposición da consellería os terreos necesarios libres de cargas e asumirá o control, mantemento e explotación desta zona unha vez que entre en servizo.

Este terceiro treito da terceira rolda, cunha lonxitude de dous quilómetros, vai desde a estrada vella de Arteixo (CP-3002) á altura da refinaría ata o polígono de Pocomaco (nunha zona coñecida como As Rañas). Esta infraestrutura, con características de autovía, permitirá mellorar as comunicacións tanto de acceso como de conexión entre os distintos barrios da Coruña, dado o crecemento urbanístico que está a experimentar a cidade e a súa área de influencia. Este treito contará con catro enlaces (coa rúa Severo Ochoa, na intersección da avenida de Fisterra coa rúa Severo Ochoa, coa avenida de Arteixo e o enlace das Rañas), tres viadutos (de 327 metros sobre a balsa de Repsol, de 119 metros sobre as instalacións de Alcoa e un terceiro de 117 metros que forma parte do enlace a tres niveis sobre a avenida de Arteixo), un paso inferior sobre a estrada A Coruña-Cee (AC-552), un paso superior e outro sobre o oleoduto de Repsol.

A terceira rolda de circunvalación da Coruña arrinca na rúa Manuel Murguía e vai ata o enlace das Lonzas. Trátase dunha autovía totalmente gratuíta que contará cunha plataforma de 28 metros de largo composta por seis carrís de circulación (tres por sentido de 3,5 metros de largo cada un), dúas beiravías exteriores de 2,5 metros, dúas interiores de 0,5 metros e unha mediana dun metro. O orzamento estimado desta obra acada os 85 millóns de euros.

A día de hoxe está executado o tramo I (desde Manuel Murguía ata San Pedro de Visma) e en execución o tramo II (desde San Pedro de Visma ata a estrada vella de Arteixo á altura da refinaría). No tramo III (desde a refinaría ata o polígono de Pocomaco), que foi licitado o pasado mes de decembro, autorízase hoxe o convenio co Concello da Coruña. Finalmente atópase en fase de redacción de proxecto o enlace de Lonzas, que entroncará a parte da terceira rolda asumida pola Xunta de Galicia coa executada polo Goberno central. A Consellería de Política Territorial traballa coa previsión de que este mesmo ano estea en construción toda a parte



autonómica da terceira rolda e que os dous primeiros treitos tamén se abran ao tráfico en 2009.



A XUNTA FINANCIA A CONSTRUCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ENTRADA A SANTA CRUZ DE OLEIROS DESDE DORNEDA

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Oleiros (A Coruña) para a construción de beirarrúas na estrada autonómica Perillo-Mera (AC-173) ao seu paso por Santa Cruz de Oleiros.

Segundo se recolle no convenio, Política Territorial financiará con 333.000 euros a dotación de beirarrúas na zona de entrada á localidade de Santa Cruz, de xeito que se lles dá continuidade ás beirarrúas xa existentes ao longo da estrada AC-173 desde o cemiterio de Dorneda.

Pola súa banda, o Concello de Oleiros encárgase de poñer á disposición da CPTOPT os terreos necesarios e de tramitar os permisos pertinentes. Así mesmo, o Concello de Oleiros asumirá a xestión, mantemento e conservación das beirarrúas unha vez construídas.

Esta actuación está entre os obxectivos da Consellería de Política Territorial para contribuír á mellora da seguridade viaria e, polo tanto, da calidade de vida da cidadanía.



O CONSELLO DA XUNTA DECLARA A FESTA DA TROITA DE OROSO, A FESTA DO POLBO DE MUGARDOS, A FESTA DO MONTE DA GUARDA E O ENCONTRO DEGUSTACIÓN DO MILLO CORVO DE BUEU COMO FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO

- *As catro celebracións constitúen manifestacións moi arraigadas da cultura tradicional do país e contribúen á conservación dos valores identitarios*
- *A Consellería de Innovación e Industria emitiu informe favorable sobre elas en febreiro e elevou a proposta ao Consello da Xunta, que ratificou a súa declaración como Festas de Interese Turístico*

O Consello da Xunta declarou hoxe a Festa da Troita de Oroso, a Festa do Polbo de Mugardos, a Festa do Monte da Guarda e o Encontro Degustación do Millo Corvo de Bueu como Festas de Interese Turístico. Trátase de catro celebracións moi arraigadas na cultura tradicional do país e que contribúen á conservación dos valores identitarios.

A Consellería de Innovación e Industria valorou as solicitudes efectuadas e, comprobados os requirimentos das declaracións, estimounas favorablemente e elevou as propostas de declaración de Festas de Galicia de Interese Turístico ao Consello da Xunta, que aprobou as declaracións na súa reunión desta mañá.

O Concello de Oroso solicitou a declaración da festa da troita como Festa de Interese Turístico. A Festa da Troita véñse celebrando desde o ano 1997 no mes de maio, co cal cumpre o requisito das dez edicións exixidas. Este arraigamento maniféstase nunha notable participación dos veciños e visitantes, uns 30.000 na última edición, o que pon de manifesto o poder de atracción deste evento. Recibe o seu nome da abundancia da pesca que se atopa principalmente no río Tambre. Tamén se realizan actividades deportivas, como o concurso de Pesca da Troita, e actividades culturais, ademais das propiamente gastronómicas.

Revisada a solicitude de declaración de Festa de Interese Turístico da Festa do Polbo, que formulou o concello de Mugardos, comprobouse que se achegou toda a documentación exixida no artigo 25 do Decreto 39/2001. A Festa do Polbo véñse celebrando desde o ano 1990 no mes de xullo. No século XVIII Mugardos foi talvez o porto máis importante no norte de Galicia na pesca do polbo. Con esta carga histórica na pesca da especie é normal que o polbo constituía o prato típico da vila, co valor engadido da súa peculiar forma de preparación, “polbo á mugardesa”. A Festa do Polbo ten a súa orixe nunha festa que os veciños de Mugardos celebraban ao final do verán e que popularmente se chamaba “A Xira ao Baño”. Na década dos oitenta pasa a ser organizada pola comisión de festas, e xa no ano 1990 o concello aproba o compromiso de participar na festa e nace así a I Festa do Polbo.



Por outra banda, a Festa do Monte celébrase na Guarda desde o ano 1913 na segunda semana de agosto, co cal excede amplamente o requisito das dez edicións exixido polo decreto. A festa xurdiu pola iniciativa dun grupo de guardeses (moitos emigrantes retornados), que constituíron unha sociedade destinada ao coidado dun monte tan singular como é o de Santa Tegra. O seu arraigamento maniféstase nunha notable participación de veciños e visitantes (galegos, do resto do Estado e de Portugal). Entre as actividades lúdico- festivas destacan os pasacalles, obradoiros e espectáculos para nenos, concertos, encontro de bandas mariñeiras, festival rock, gran desfile folclórico tradicional do Monte, romaría no monte Santa Tegra, etc.

Tamén se emitiu informe favorable sobre a solicitude da Asociación Cultural Meiro, responsable da organización da Festa Degustación do Millo Corvo, e co informe de confirmación de apoio do Concello de Bueu para a declaración do evento como Festa Galega de Interese Turístico. A festa supón un proceso de recuperación etnográfica, educativa, gastronómica, cultural e socioeconómica cunha singularidade manifesta, polas actividades desenvolvidas. A Festa do Millo Corvo non só se resume na Degustación celebrada no mes de marzo, senón nunha actividade anual de sementeira, cava e renda, rega, corta e empalleirado, esfolada e debullada, muiñada, amasado e cocido, levada a cabo na aldea de Meiro polos seus veciños.

As festas cumpren os requisitos establecidos no Decreto 39/2001, polo cal se emitiu informe favorable sobre a súa declaración como Festas de Interese Turístico.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INVESTIRÁ MÁIS DE TRES MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE TUI

- *O Consello da Xunta aceptou hoxe a cesión gratuíta da parcela por parte do Concello*
- *O Servizo Galego de Saúde xa ten redactado o proxecto arquitectónico do centro, dependente da Xerencia de Atención Primaria de Vigo, cunhas amplas instalacións que prevén áreas específicas de pediatría e de atención a urxencias*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar a aceptación da cesión dunha parcela, feita a título gratuíto polo Concello de Tui, con destino á construción dun centro de saúde nesa localidade. O Servizo Galego de Saúde xa ten redactado o proxecto arquitectónico deste edificio sanitario, no cal investirá 3.226.047 euros.

A parcela cedida é a que ocupaba o antigo mercado municipal. O novo centro de saúde previsto case duplicará a superficie do actual centro, con 2.806 metros cadrados construídos.

O novo centro contará con dez consultas de medicina xeral; dez de enfermaría; unha área de atención integral á saúde da muller -con consulta de matrona e sala de educación sanitaria-; consulta de farmacia; consulta de odontoloxía e consulta de traballador social.

O seu deseño prevé tamén varias áreas específicas, de atención pediátrica e de atención a urxencias, que contará cun punto de atención continuada (PAC). Ademais, estas instalacións acollerán tamén unha área de fisioterapia con dúas consultas de fisioterapeutas e un ximnasio; área de radioloxía; sala de toma de mostras; sala de procedementos técnicos, dúas salas polivalentes, área de administración, arquivos e despachos para o xefe de servizo e o coordinador de enfermaría. Haberá unha área específica integrada por dúas consultas de medicina, unha de enfermaría e unha sala de espera, destinada a unha posible ampliación da carteira de servizos do centro para a prestación de atención especializada.

No ano 2008, o Servizo Galego de Saúde duplicou os efectivos do actual punto de atención continuada de Tui incorporando un segundo profesional médico e outro de enfermaría, ao tempo que se incrementou a capacidade resolutiva do centro de saúde, dotándoo de novo equipamento médico e diagnóstico. Ademais, en febreiro do ano pasado púxose en marcha a unidade de tarde, ampliando así o horario ordinario de atención á cidadanía e mellorando a accesibilidade desta á sanidade pública galega.



A XUNTA DIMINÚE EN SETE DÉCIMAS O SEU NIVEL DE ENDEBEDAMENTO CON RESPECTO AO ANO 2004

- *O ratio de débeda de Galicia sobre o PIB pasou dun 7,6% no ano 2004 ao 6,9% no ano 2008*
- *O déficit da Comunidade sobre o Produto Interior Bruto sitúase no ano 2008 no 0,36%, catro veces menos que a media das comunidades autónomas, que é do 1,45%, e por debaixo do límite do 1% acordado polo Consejo de Política Fiscal y Financiera*

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe presentado polo conselleiro de Economía e Facenda sobre a situación financeira da Xunta de Galicia. Segundo este informe, cómpre destacar que o ratio de débeda de Galicia sobre o Produto Interior Bruto (PIB) mellorou significativamente durante a lexislatura 2005-2008 ao pasar dun 7,6% no ano 2004 ao 6,9% no ano 2008. Porcentaxe, esta última, que se reduce ao 6,5% se se desconta o efecto das autovías de peaxe en sombra licitadas no 1º semestre do ano 2005.

Todo isto, permitiu que Galicia pasara de ser a terceira Comunidade Autónoma máis endebedada no ano 2004 a ocupar o cuarto lugar no 2008. Cómpre subliñar ademais, que o endebedamento de Galicia se incrementou no pasado ano un 5%, nove puntos menos que o experimentado pola media das comunidades autónomas, que foi do 14%. Así mesmo, e polo que respecta ao conxunto da lexislatura, o incremento do endebedamento da comunidade autónoma de Galicia foi do 19%, doce puntos inferior á media das comunidades autónomas. Esta evolución permitiu que o peso da débeda de Galicia sobre o total das comunidades autónomas se reducira en 6 décimas ao pasar do 6,3% no ano 2004 ao 5,7% no 2008.

No informe explícase tamén que a maior parte do endebedamento experimentado no período 2005-2008 débese, por unha parte, ao efecto da concesión de autovías baixo a fórmula de peaxe en sombra (Autovía do Barbanza, Autovía Santiago– Brión e a Autovía do Salnés), licitadas no 1º semestre do ano 2005 e que acada os 233 millóns de euros; e pola outra, aos préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) destinados a facilitar o financiamento de empresas privadas por importe de 20 millóns de euros.

Finalmente, o déficit de Galicia en termos de porcentaxe sobre o PIB no ano 2008, sitúase no 0,36% do PIB galego; catro veces menor que o da media das comunidades autónomas que acada o 1,45%; e por debaixo do límite do 1% acordado polo Consejo de Política Fiscal y Financiera.